

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa da deputada, **Guadalupe Murillo Solís**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de Lei en Comisión do Grupo Parlamentario de En Marea, **13259 (10/PNC-001246)**, Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para impulsar o proxecto Rugby nos cárceres.

### Emenda de substitución:

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Presentar o proxecto “Rugby nas cárceres” da Federación Galega de Rugby, así como calquera outro proxecto de similares características en materia deportiva ante as Institucións Penitenciarias do estado, instándolles a dar todas as facilidades e colaboración precisa para o seu desenvolvemento nos cárceres de Galicia.
- 2.- Colaborar economicamente con este proxecto, xunto coa Federación Galega de Rugby, solicitando asimismo a achega de Institucións Penitenciarias no financiamento deste tipo de proxectos deportivos nos cárceres galegos.
- 3.- Difundir dende a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, esta encomiable e interesante iniciativa para darlle maior visibilidade.

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 23/11/2017 17:26:35**



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 23/11/2017 17:28  
Nº Rexistro: 20645**

Data envío: 23/11/2017 17:28:01.419

**María Guadalupe Murillo Solís na data 23/11/2017 17:26:46**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

 Grupo Parlamentario

## Á Mesa da Comisión 1ª

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para impulsar o proxecto Rugby nos cárceres (doc. núm. 13259).

### Emenda de adición

Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir un novo punto 4, que terá o seguinte contido:

“4. Impulsar e apoiar con carácter xeral e nos termos expostos nos parágrafos anteriores, un proxecto “Multideporte”, nos cárceres de Galicia, con especial atención ás mulleres reclusas.”

Pazo do Parlamento, 23 de novembro de 2017

### **Asinado dixitalmente por:**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 23/11/2017 17:21:27**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/11/2017 17:21:39**